



## **Fallo Xurado do XXV Concurso de Bandas e solistas CUAC FM**

O xurado do XXV Concurso de Bandas e Solistas organizado pola emisora comunitaria da Coruña, CUAC FM, finalizou o día 3 de xullo de 2023 as votacións do citado concurso ao que se presentaron 118 proxectos nesta edición.

O xurado estivo composto por persoas de diversos programas de CUAC FM e por tres xurados externos, persoas cunha longa traxectoria no mundo da música que son as seguintes:

Samu Sobrino do programa de Onda Polígono "Música Envenenada" e Proxecto Envenenadub (Toledo)

Alberto Busto guitarrista e vocalista de Arrhythmia (Lugo)

Lois Atanes do programa de radio O Recanto do Corcovado (Vigo/Tampere - Finlandia)

O resultado das votacións foi o seguinte:

**DUAS BANDAS GALEGAS con maior puntuación que actuarán no Festival Noroeste Estrella Galicia. Data por determinar.**

Hydn (Culleredo)  
Sanny (Vigo)

**FINALISTAS DA BATALLA DE BANDAS. Actuarán o 30 de setembro na Sala Mardi Gras para determinar o primeiro e o segundo posto.**

Vuelve Abril (Murcia)  
Apart (Carballo)

**Premio Eva Coyote á Mellor Banda local. Actuarán nos vindeiros 7 meses na cidade, nun concerto organizado por CUAC FM. Data e lugar por determinar.**

Wasted Wiltons (A Coruña)

Queda pendente de votación o premio á Mellor canción en galego. Este premio será público o día da Batalla de Bandas, 30 de setembro.

E para que conste a todos os efectos oportunos, asinao o Coordinador de promoción e Secretario do Xurado do XXV Concurso de Bandas e Solistas CUAC FM,

Tomás Legido Sánchez

Segundo as bases do concurso, estas catro bandas recibiron a comunicación da súa clasificación para actuar no escenario da Praia de Riazor do Festival Noroeste Estrella Galicia os días 10 e 11 de agosto. Todas confirmaron a súa participación no festival. Recibirán un premio de 600 euros, excepto Tundururu que obtén o **Premio á Mellor Banda Local** dotado con 700 euros.

Desta votación tamén sairán os finalistas da Batalla de Bandas, entrando xa na clasificación as bandas non galegas. As premiadas recibirán comunicación nos vindeiros días pero non se farán públicas ata pasado o Festival Noroeste Estrella Galicia. A batalla celebrarase na Sala Mardi Gras o 6 de outubro e as bandas disputan o Primeiro e segundo posto dotados con 800 e 600 euros respectivamente.

Esta XX edición do concurso, para celebrar unha cifra tan sinalada, ofrece un premio extra á Mellor Canción en Galego. Este premio terá unha votación aparte, cun xurado diferente. A canción gañadora darase a coñecer o día 6 de outubro durante a celebración da Batalla de Bandas na Sala Mardi Gras.

E para que conste a todos os efectos oportunos, asínoo a 9 de xullo en A Coruña.

Asdo. Tomás Legido Sánchez  
Secretario do Xurado